

ANEXO III

Don/Doña	<input type="text"/>	, con
DNI	<input type="text"/>	, pai, nai ou titor do alumno/a <input type="text"/>
<p>outorga a súa autorización para que participe na actividade do programa denominado rutas científicas, organizada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en colaboración co Ministerio de Educación e Ciencia, e manifesta o seu coñecemento de que, en caso de producirse algún incidente que aconselle a interrupción do programa, poida regresar ao seu domicilio antes da data prevista.</p>		
(data e sinatura)		
<i>Lugar e data</i>		
, de de 200		

ANEXO IV

Obxectivos xerais

1. Descrición do programa. O programa rutas científicas é un recurso educativo, pensado para alumnos que cursen materias científicas en bacharelato ou en ciclos formativos de grao medio, que pretende complementar a formación que se imparta na aula por medio da realización dunha ruta científica. Trátase de que os alumnos comprobren in situ para que serven os coñecementos de matemáticas, de física, de química, de bioloxía ou de ciencias naturais que están aprendendo.

2. Obxectivos. Serán obxectivos prioritarios, entre outros:

Suscitar nos alumnos unha actitude de aprendizaxe permanente, tanto dentro como fóra da aula.

Mellorar os coñecementos científicos dos alumnos despertando neles o espírito investigador, o seu interese polo método científico e o posterior desenvolvemento tecnolóxico que estas investigacións producen.

Coñecer os aspectos básicos da diversidade cultural, natural e social co fin de poder valoralos e respectalos.

Promover a formación integral do alumno para que sexa capaz de valorar o seu contorno e os problemas relacionados coa súa explotación polo ser humano.

Mostrar a enorme importancia do traballo dos científicos no desenvolvemento dun país, nos avances e na mellora da vida das persoas e da súa sociedade.

Fomentar a convivencia entre os diferentes grupos que comparten a actividade e o traballo en equipo.

3. Elaboración do anteproxecto de participación: este proxecto deberá detallar as estratexias e procedementos tanto previos como posteriores ao percorrido da ruta que levarán a conseguir os obxectivos do programa, e tamén dalgún xeito detallará as actividades concretas que realizarán os alumnos, especificando o seu calendario, método de traballo e a posterior avaliación.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 28 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de bolsas de formación en oficinas de información turística durante o verán de 2008 e se procede á súa convocatoria.

A importancia do turismo no tecido económico e social de Galicia require a realización dun esforzo continuado na formación dos recursos humanos para adaptar ás novas demandas as actuacións dos estudantes ou titulados que inician ou desenvolven a súa actividade neste sector.

As oficinas de información turística repartidas polo territorio galego prestan un servizo importante aos turistas e visitantes e contribúen de xeito significativo a proxectar a imaxe de Galicia no exterior. Por iso, tendo en conta que debido ao aumento do turismo na última década, a maioría dos concellos ten hoxe oficinas de información turística abertas e certa experiencia na súa posta en marcha, e que esa é unha tendencia crecente, ante a necesidade de

acadar suficiente persoal preparado, por parte desta consellería considérase conveniente convocar estas bolsas de especialización que, dunha parte, permiten aos estudantes e titulados acceder a prácticas tuteladas co fin de actualizar e mellorar os seus coñecementos e habilidades e, doutra, reforzan a prestación dos servizos de asesoramento e información sobre o destino aos visitantes no período de maior afluencia.

Neste ano a Dirección Xeral de Turismo oferta bolsas aos municipios turísticos aos concellos de máis de 15.000 habitantes e a aqueles onde hai oficina de información turística da Xunta de Galicia.

Así, e consonte co establecido sobre medidas de fomento no artigo 73 da Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia, en concordancia co sinalado no artigo 74 da dita lei, esta consellería realiza unha convocatoria de bolsas para a realización de prácticas en oficinas de información turística de acordo coas seguintes

Bases

Primeira.-*Obxecto.*

Convócanse 74 bolsas de especialización que contribuirán a mellorar a formación dos beneficiarios en relación coa promoción turística, mediante a realización de prácticas tuteladas durante os meses de verán nas oficinas de información turística das localidades que se citan, tal e como se sinala nos cadros seguintes:

Oficinas provincia da Coruña	Nº bolseiros	Período
Ames	1	Xullo e agosto
Arteixo	1	Xullo e agosto
Betanzos	1	Xullo e agosto
Boiro	1	Xullo e agosto
Cambre	1	Xullo e agosto
Carballo	1	Xullo e agosto
Corubián	1	Xullo e agosto
A Coruña (Xunta de Galicia)	4	1 xullo/15 setembro
Culleredo	1	Xullo e agosto
Ferrol (Xunta de Galicia)	1	1 xullo/15 setembro
Fisterra	1	Xullo e agosto
Laxe	1	Xullo e agosto
Miño	1	Xullo e agosto
Narón	1	Xullo e agosto
Oleiros	1	Xullo e agosto
Padrón	1	Xullo e agosto
Pobra do Caramiñal, A	1	Xullo e agosto
Ponteume	1	Xullo e agosto
Rianxo	1	Xullo e agosto
Ribeira (Xunta de Galicia)	1	1 xullo/15 setembro
Santiago de Compostela (Xunta de Galicia)	4	1 xullo/15 setembro
Teo	1	Xullo e agosto

Oficinas na provincia de Lugo	Nº bolseiros	Período
Chantada	1	Xullo e agosto
Foz	1	Xullo e agosto
Lugo (Xunta de Galicia)	3	1 xullo /15 setembro
Mondoñedo	1	Xullo e agosto
Monforte de Lemos	1	Xullo e agosto
Quiroga	1	Xullo e agosto
Ribadeo	1	Xullo e agosto
Samos	1	Xullo e agosto
Vilalba	1	Xullo e agosto
Viveiro	1	Xullo e agosto

Oficinas na provincia de Ourense	Nº bolseiros	Período
A Veiga	1	Xullo e agosto
Allariz	1	Xullo e agosto
Celanova	1	Xullo e agosto
Leiro	1	Xullo e agosto
Nogueira de Ramuín	1	Xullo e agosto
O Carballiño	1	Xullo e agosto
Ourense (Xunta de Galicia)	3	1 xullo/15 setembro
Ribadavia	1	Xullo e agosto

Oficinas na provincia de Pontevedra	Nº bolseiros	Período
A Estrada	1	Xullo e agosto
A Guarda	1	Xullo e agosto
Baiona	1	Xullo e agosto
Cambados	1	Xullo e agosto
Cangas	1	Xullo e agosto
Lalín	1	Xullo e agosto
Marín	1	Xullo e agosto
Moaña	1	Xullo e agosto
Nigrán	1	Xullo e agosto
O Grove	1	Xullo e agosto
O Porriño	1	Xullo e agosto
Poio	1	Xullo e agosto
Ponteareas	1	Xullo e agosto
Pontevedra (Xunta de Galicia)	3	1 xullo/15 setembro
Redondela	1	Xullo e agosto
Sanxenxo	1	Xullo e agosto
Tui (Xunta de Galicia)	1	1 xullo/15 setembro
Vigo (Xunta de Galicia)	4	1 xullo/15 setembro
Vilagarcía de Arousa (Xunta de Galicia)	1	1 xullo/15 setembro

Segunda.-*Contido da bolsa e obrigas dos beneficiarios.*

1. O contido das actividades da bolsa consiste basicamente en facilitar aos turistas e viaxeiros orientación, asistencia e información turística, de acordo co Plan de Formación que se lles entregará ao comezo da súas prácticas e coas indicacións que lles transmita o titor que teñan asignado.

2. Os bolseiros comprométese a:

a) Desenvolver as actividades que se lles encomenden de xeito satisfactorio, de acordo co seu plan de formación e baixo a supervisión do titor asignado, que será unha persoa designada entre o persoal dependente do Servizo de Turismo da correspondente Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria respecto ás oficinas dependentes da Xunta de Galicia ou da concellería competente en materia de turismo respecto ás municipais. A distribución das horas de prácticas pode variar dunha oficina a outra, pero en ningún caso poderá superar o límite de 37 horas semanais.

b) Presentar unha memoria final sobre as actividades desenvolvidas ao remate da bolsa, que entregará á Dirección Xeral de Turismo co visto e prace da persoa designada como titor.

c) Non renunciar á bolsa aceptada salvo causa debidamente xustificada. En todo caso, se presenta unha renuncia durante os quince primeiros días de goce dela, o beneficiario non terá dereito a percibir ningunha axuda económica por ese período.

d) Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da bolsa obxecto desta orde.

Terceira.-Requisitos dos beneficiarios e natureza xurídica da relación.

1. Poden optar ás bolsas de formación nesas oficinas de información turística: os técnicos superiores en información e comercialización turísticas, os técnicos superiores en axencias de viaxes, os técnicos especialistas de secretariado bilingüe, os estudantes de turismo, diplomados ou licenciados en turismo, así como calquera estudante e licenciado universitario da rama de humanidades, sempre que naceran con posterioridade ao trinta e un de decembro de mil novecentos oitenta, non fosen adxudicatarios desta mesma bolsa en dúas ou máis edicións anteriores e acrediten un nivel de iniciación á lingua galega.

2. Os solicitantes non poderán ser perceptores de soldos ou salarios ou outros ingresos que impliquen vinculación contractual ou estatutaria.

3. A condición de bolseiro/a en virtude da presente orde non xerará ningún tipo de relación de carácter laboral nin contractual e tampouco dará lugar á súa inclusión na Seguridade Social.

Cuarta.-Dotación das bolsas e determinacións orzamentarias.

Para a concesión destas bolsas destinarase ata un máximo de cento trinta e oito mil trinta euros (138.030 €), que se imputarán á aplicación orzamentaria 10.06.761A.480.0.

A dotación económica de cada bolsa será de oitocentos sesenta euros (860 €) brutos mensuais. Cada bolsa comprenderá, ademais, un seguro individual de accidentes.

Quinta.-Presentación das solicitudes.

1. As solicitudes serán presentadas, conforme o modelo do anexo I, no rexistro auxiliar da Dirección Xeral de Turismo (Praza de Mazarelos nº 15, 15703 Santiago de Compostela) ou no rexistro xeral da Consellería de Innovación e Industria (edificio administrativo de San Caetano s/n), ou en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

O prazo para presentalas é dun mes contado desde o día da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*. En concreto, o prazo entenderase que vence o día cuxo ordinal coincida coa data que serviu de partida, que é a de publicación no DOG.

Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

a) Fotocopia, por ambas as dúas caras, do DNI ou documento análogo.

b) Os estudantes, certificación académica completa (orixinal ou fotocopia compulsada).

c) Os titulados, fotocopia compulsada do título ou da certificación do pagamento dos dereitos de expedición deste e certificación académica completa. No caso de presentar un título estranxeiro será preciso que estea debidamente validado polas administracións educativas española.

d) *Curriculum vitae* cos documentos acreditativos correspondentes en forma de certificacións ou fotocopias compulsadas dos diplomas de cursos e traballos realizados. A documentación en idioma distinto ao castelán ou galego deberá presentarse oficialmente traducida.

e) Declaración xurada das axudas de bolsas solicitadas ou concedidas polas administracións públicas, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades para o mesmo período, e de non ter ingresos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria.

2. Nas solicitudes, os interesados escollerán como destino unha soa provincia, adxudicándose despois, nunha reunión que se convocará para o efecto na Dirección Xeral de Turismo, a oficina concreta dentro desa provincia, segundo a elección dos propios solicitantes, por orde da puntuación acadada.

Sexta.-Criterios de adxudicación.

1. Para a avaliación das solicitudes que se presenten, terase en conta o seguinte baremo:

Formación	Ata un máximo de 3 puntos
Expediente académico	Nota media das cualificacións obtidas, sendo o seguinte: 4 matrícula de honra, 3 sobresaliente, 2 notable e 1 aprobado
Idiomas	0,10 puntos por curso de idiomas superado de máis de 30 horas 0,50 puntos por curso de perfeccionamento de galego
Cursos	0,10 por cada curso de informática e curso relacionado con turismo igual ou superior a 20 h
Prácticas	Ata un máximo de 1 punto. 0,25 puntos por cada mes completo de prácticas relacionadas co turismo en oficinas de turismo, axencias de viaxes, hoteis, cámpings, ou calquera outra empresa vinculada ao sector turístico
Titulación	Ata un máximo de 3 puntos Por ser diplomado ou licenciado en turismo: 2 puntos Por ser técnico superior en información e comercialización turística: 1 punto Por ser técnico superior en axencias de viaxes: 0,50 puntos Por ser guías oficiais de turismo: 1 punto
Probas de coñecementos turísticos e de inglés	Ata un máximo de 3 puntos (1,5 por cada proba) A proba de coñecementos turísticos versará sobre as materias do anexo II. Esta proba, mais a de inglés, será tipo test e só se considerará se supera unha puntuación mínima de 0,50 puntos

Sétima.-Proceso de selección e resolución de adxudicación.

As solicitudes presentadas serán valoradas de acordo cos criterios mencionados no artigo anterior,

por unha comisión que se constituirá para o efecto, da que formarán parte tres funcionarios da Dirección Xeral de Turismo que nomee o director xeral de Turismo.

Unha vez examinadas as solicitudes, a devandita comisión elaborará unha lista cos aspirantes admitidos e excluídos, detallando, de ser o caso, o motivo de exclusión, e convocará os primeiros, cunha antelación mínima dunha semana, á proba de coñecementos turísticos que terá lugar en Santiago de Compostela. A devandita notificación farase pública no taboleiro da Dirección Xeral de Turismo en Santiago de Compostela, nos servizos provinciais de turismo e na páxina web da Consellería de Innovación e Industria.

Unha vez valorados todos os méritos conforme o baremo sinalado na cláusula sexta, publicaranse na páxina web da consellería e no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Turismo catro listaxes -un por provincia- detallando a puntuación obtida polos solicitantes que superaron as probas, e a convocatoria da reunión para a elección de oficina, que se realizará por orde de puntuación. Levantarase unha acta da reunión. Dentro da semana seguinte á devandita reunión, a comisión de avaliación elevará ao conselleiro a proposta de adxudicación das bolsas.

O prazo máximo para a resolución do expediente é de tres meses. A resolución do conselleiro pon fin á vía administrativa e contra ela poderá o interesado interpoñer recurso contencioso-administrativo diante do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de dous meses, contados dende a recepción da notificación da resolución, ou ben interpoñer, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Innovación e Industria.

Aos adxudicatarios notificaráselles persoalmente a concesión da bolsa nos domicilios que sinalasen nas solicitudes, estando obrigados a comunicar por escrito á Dirección Xeral de Turismo a aceptación ou renuncia das bolsas no prazo de cinco días naturais. Se transcorridos estes 5 días non se fixese manifestación en ningún sentido, tal feito entenderase como renuncia á bolsa, e esta concederáselle ao seguinte candidato con mellor puntuación de entre os que solicitaron esa provincia e non fora beneficiario doutra das bolsas convocadas. En caso de que non quedasen aspirantes nese destino, ofertarase entre os restantes candidatos de acordo coa súa puntuación.

Oitava.-Aboamento das axudas.

As axudas aboaranse con periodicidade mensual e na contía correspondente, unha vez recibido na Dirección Xeral de Turismo un certificado sobre a asistencia regular e aproveitamento das prácticas polos adxudicatarios, expedido pola persoa compe-

tente nas delegacións provinciais da Consellería de Innovación e Industria para os bolseiros das oficinas da Xunta de Galicia ou o concelleiro competente en materia de turismo ou persoa en quen delegue respecto ás oficinas municipais.

Para o aboamento do último pagamento será requisito ter presentado, ademais, a memoria que se especifica na base terceira, alínea 2 b) desta orde realizada polo bolseiro e visada polo director ou responsable da correspondente oficina.

Novena.-Incidencias.

O director xeral de Turismo resolverá todas as dúbidas e incidencias que poidan xurdir na aplicación desta convocatoria.

O incumprimento dos compromisos adquiridos de acordo coas bases precedentes dará lugar á revogación da axuda concedida e, de ser o caso, á reclamación das cantidades xa pagadas de conformidade co disposto na lexislación vixente. Así mesmo, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da bolsa obxecto da presente orde e a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións o entes privados nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Décima.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposicións derradeiras

*Primeira.-*En todo o non recollido nesta orde aplícase o disposto para esta materia na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 5/2000, do 28 de decembro, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia vixente.

*Segundo.-*Facúltase o director xeral de Turismo para ditar cantas disposicións considere oportunas no desenvolvemento e interpretación desta orde.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2008.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
 E INDUSTRIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DURANTE O VERÁN DE 2008	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN981A	DOCUMENTO SOLICITUDE
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

APELIDOS	NOME	DNI	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	CODIGO POSTAL
ENDEREZO PARA NOTIFICACIÓNS 2		TELÉFONO 3	

EXPÓN:

Que á vista da convocatoria de bolsas de formación para a realización de prácticas en oficinas de información turística, publicada no DOG nº [] , e considerando reunir os requisitos exixidos de conformidade coa documentación que se xunta, e coa miña expresa aceptación de todos os termos da dita convocatoria.

SOLICITO:

Unha bolsa para a realización de prácticas na provincia de []

1. É obrigatorio cubrir todos os espazos de datos persoais.
2. Non é válido indicar como enderezo un apartado de correos.
3. É conveniente indicar un número ou varios que permitan unha fácil localización

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 28 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de bolsas de formación en oficinas de información turística durante o verán de 2008 e se procede á súa convocatoria.</i>
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA []

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		_____
		DATA DE ENTRADA
		___/___/___
		DATA DE EFECTOS
		___/___/___
REVISADO E CONFORME		DATA DE SAÍDA
		___/___/___

Director xeral de Turismo
 Consellería de Innovación e Industria

ANEXO II

TEMARIO

TEMA 1	A Galicia prerromana: o megalitismo. A Idade do Bronce. A cultura castrexa. A influencia céltica.
TEMA 2	Arte medieval: o prerrománico en Galicia. O esplendor románico. O gótico.
TEMA 3	A arquitectura renacentista e barroca en Galicia. Exemplo das súas manifestacións máis importantes en Galicia.
TEMA 4	A arquitectura modernista en Galicia. A Xeración Nós e o Seminario de Estudos Galegos. O momento de vangarda na arte galega.
TEMA 5	A arquitectura popular galega. Artesanía e oficios populares. O folclore. A gastronomía.
TEMA 6	Historia de Galicia. Principais feitos históricos.
TEMA 7	Áreas naturais no litoral: rías, illas e praias, zonas húmidas e areais, acantilados.
TEMA 8	Áreas naturais do interior: as montañas, os vales fluviais, os bosques e as lagoas.
TEMA 9	Costa da Morte e Rías Altas. Especial significación da Costa da Morte.
TEMA 10	As Rías Baixas.
TEMA 11	A Galicia interior.
TEMA 12	O Camiño Francés e outros tramos galegos do Camiño de Santiago.
TEMA 13	As cidades e vilas galegas como focos de atracción turística.
TEMA 14	Diversificación e novas ofertas turísticas: termalismo, golf, turismo náutico, turismo rural, congresos, convencións, turismo activo e de natureza.
TEMA 15	A Lei de ordenación e promoción do turismo en Galicia e normas de desenvolvemento.
TEMA 16	A comercialización (organización comercial) de Galicia como destino turístico.

Orde do 28 de abril de 2008 pola que se convoca o VI Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación.

O desenvolvemento científico e tecnolóxico é un dos factores de maior influencia na configuración do mundo contemporáneo. Nesta liña, a Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, está a impulsar actividades mediante as cales se intenta divulgar e facilitar a comprensión do que significa este desenvolvemento.

Entre estas actuacións e ao amparo do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (IN.CI.TE.), aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 21 de setembro de 2006, a Consellería de Innovación e Industria convoca a sexta edición do Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación. Este galar-

dón ten como finalidade estimular a produción de textos xornalísticos especializados en materia científica.

O obxectivo final desta e doutras accións do Programa de Comunicación e Sensibilización Social do Plan Galego de I+D+i é fomentar unha cultura do coñecemento da ciencia e da tecnoloxía que permita unha mellor percepción das actividades de I+D+i por parte da sociedade galega.

En consecuencia co anteriormente exposto, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta orde é convocar, en réxime de concorrencia competitiva a sexta edición do Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación, para